



Asunto: Proposta de acordo de inadmisión do recurso de reposición presentado por don Jorge Delgado Martín contra o acordo do Consello de Goberno de 24 de outubro de 2023 polo que se aproba a convocatoria dunha praza de PDI laboral na área de coñecemento de Enxeñaría do Terreo.

ANTECEDENTES

1º. O Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de outubro de 2023, acordou aprobar a convocatoria da seguinte praza de PDI laboral:

| NÚMERO DE PRAZAS | CATEGORÍA | DEDICACIÓN | ÁREA DE COÑECEMENTO | DEPARTAMENTO | CENTRO | DOCENCIA | TITULACIÓN | OBSERVACIÓNS |
|------------------|-------------------------------|----------------|---------------------|-----------------|--|--|------------|--------------|
| 1 | Profesor/a Permanente Laboral | Tempo Completo | Enxeñaría do Terreo | Enxeñaría Civil | ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos | 44442003 Físico-Química e Calidade de auga | Doutor/a | OEP 2022 |

2º. O 3 de novembro recibíuse por rexistro un escrito asinado polo profesor Delgado Martín, acompañado de diversos anexos documentais, no que solicita a anulación do acordo do Consello de Goberno respecto desa praza.

3º. Na sesión do Consello de Goberno do día 30 de xaneiro, no punto da orde do día de “Rogos e preguntas”, o profesor Navarrina Martínez interveu para facer referencia, entre outras cuestións, á praza litixiosa, nos termos que se recollen como Anexo á acta da sesión.

4º. O día 5 de febreiro de 2024, o profesor Navarrina presentou por Rexistro un escrito no que solicitaba a suspensión cautelar da celebración do concurso.

5º. Solicitado informe á Secretaría Xeral, a Secretaria Xeral recaba os seguintes informes:

- Informe da xefa de servizo de PDI sobre os servizos prestados pola profesora Ana M. Vázquez González.
- Nota informativa da Asesoría Xurídica sobre os escritos presentados polos profesores Jorge Delgado Martín e Fermín Navarrina Martínez.
- Informe da xefa de servizo de PDI respecto do cumprimento da normativa de contratación de profesorado permanente laboral nos trámites que se teñen realizado ata o momento.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O escrito presentado por don Jorge Delgado Martín, malia non estar cualificado, ten natureza xurídica de RECURSO DE REPOSICIÓN, por terse presentado contra un acordo do Consello de Goberno, que pon fin á vía administrativa. Debería ser resolto, polo tanto, polo



mesmo Consello de Goberno no prazo dun mes (artigos 115 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e adiante LPAC).

Téndose superado amplamente dito prazo de resolución, debe entenderse desestimado (artigo 24 LPAC). Porén, persiste a obriga de resolver expresamente os expedientes establecida ás Administracións Públicas (artigo 21), resolución que deberá ditarse sen vinculación algunha ao sentido do silencio (art. 24).

SEGUNDA.- Obran no expediente os seguintes informes:

1º) Informe do Director do Departamento de Enxeñaría Civil, de 29 de novembro de 2023, no que, tras expoñer os antecedentes e analizar os motivos de impugnación recollidos no escrito do profesor Delgado Martín, conclúe que

1. No se ha retrasado de manera deliberada el envío de documentación ni se han realizado gestiones a título personal que de manera intencionada hayan excluido del tribunal de la plaza objeto de la reclamación a personas que debieran estar propuestas.

2. La docencia asignada en la plaza es una materia del área, en la que el propio profesor Delgado imparte, como responsable de la misma, esta docencia desde el curso 2012/2013 y nunca ha manifestado interés en que fuese asignada a otra área de conocimiento.

3. No existe ningún impedimento legal ni normativo para que el perfil de la plaza solicitada se adecúe a la materia 44442203 Físico-Química e Calidade da Auga.

4. En la solicitud de la plaza propuesta no se vulneran los principios básicos de igualdad por indicar una materia u otra. Además, los procedimientos y criterios de valoración que marca la normativa para la resolución de una plaza de la categoría docente solicitada, considera más aspectos que los vinculados exclusivamente a una materia, y en todo momento existen pautas de seguridad jurídica para garantizar la objetividad en la valoración y selección del candidato/a más adecuado/a.

5. El Consello de Departamento de Ingeniería Civil tiene capacidad y competencia para proponer un perfil de plaza indicando la docencia a impartir, el tipo de categoría de profesorado necesaria y el área de conocimiento del perfil docente requerido, como así se ha realizado en la propuesta aprobada para este departamento en el Consello de Goberno reunido en sesión del 24 de octubre de 2023.

Por todo ello, considero que la solicitud del profesor D. Jorge José Delgado Martín en contra de la aprobación de la convocatoria a concurso público de la plaza referida, no presenta argumentos sólidos que impidan la tramitación de la solicitud aprobada en tiempo y forma por el Consello de Departamento de Ingeniería Civil, pues en todo momento se ha cumplido la normativa vigente y se ha actuado conforme a las competencias propias de este órgano universitario”.

2º) Nota interior da Asesoría Xurídica de 6 de febreiro de 2024, na que, respecto da solicitude de paralización cautelar da execución do concurso da praza litixiosa, se sinala:

“O profesor solicitante non impugnou o acto cuxa suspensión interesa, para o que carecería de lexitimación; mesmo nin sequer é membro do Departamento ao que pertence a praza convocada.



Un dos extremos nos que o profesor Navarrina basea a súa solicitude de suspensión fai referencia aos criterios de valoración. Estes criterios foron publicados o 24.01.2024, sen que conste a esta unidade que se teñan cuestionado por algunha das persoas que figuran na lista definitiva de persoas admitidas.

A resolución dunha petición de suspensión dun acto esixe a ponderación dos intereses en conflito para evitar que se causen prexuízos de imposible ou difícil reparación. No escrito examinado nin se indican cales serían eses prexuízos nin o carácter de imposible ou difícil reparación daqueles.

En resumo, nin o profesor Navarrina está lexitimado, nin o que alega semella que poida amparar unha resolución estimatoria da súa solicitude”.

3º) Informe da xefa de servizo de PDI, de 6 de febreiro de 2024, no que reflicte os servizos prestados por dona Ana M. Vázquez González:

- *Contratada con cargo a convenios e proxectos como Titulada superior do 01.05.98 ao 31.12.1998, do 20.07.2000 ao 19.11.2000, do 15.06.2004 ao 15.12.2005, do 15.04.2006 ao 15.12.2006, do 16.08.2007 ao 18.11.2007 e do 01.07.2012 ao 23.10.2012.*
- *Profesora Asociada, cunha dedicación parcial PO3, no Departamento de Tecnoloxía da Construcción na ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Porto, do 19.11.2007 ao 27.12.2007.*
- *Investigadora programa Ángeles Alvariño do 28.12.2007 ao 27.12.2010.*
- *Profesora Asociada Tipo 3, cunha dedicación parcial PO6 para impartir docencia no Mestrado en Enxeñaría da Auga, na ETS de Camiños, Canais e Portos do 24.12.2012 ao 23.04.2013 e do 01.10.2013 ao 26.12.2013.*
- *Postdoutoral Xunta no Departamento de Tecnoloxía da Construcción na Escola Técnica Superior de Arquitectura dende o 27/12/2013 ao 15/02/2015.*
- *Profesora contratada interina de substitución (CIS), dedicación parcial PO3, no Departamento de Tecnoloxía da Construcción na ETS de Camiños, Canais e Portos, do 16.02.2015 ao 31.08.2016*
- *CIS, dedicación parcial PO6, na Área de coñecemento de Enxeñaría do Terreo do Departamento de Enxeñaría Civil, dende o 01.09.2016 ao 11.01.2018.*
- *Profesora Axudante Doutora, na Área de coñecemento de Enxeñaría do Terreo no Departamento de Enxeñaría Civil na ETS de Camiños, Canais e Portos, do 12.01.2018 ao 11.01.2023.*
- *Profesora Contratada Doutora Interina a tempo completo, na Área de coñecemento de Enxeñaría do Terreo no Departamento de Enxeñaría Civil na ETS de Camiños, Canais e Portos do 12.01.2023 ata a actualidade.*
E que posúe a acreditación de CONTRATADA DOUTORA dende o 14.06.2011.

4º) Informe da xefa de servizo de PDI de 15 de febreiro de 2024 sobre o recurso, no que conclúe que

- *Non hai ningún motivo xustificable polo que se deba anular o acordo do Consello de Goberno polo que se aprobou a convocatoria da praza de PPL da Área de coñecemento de Enxeñaría do Terreo do Departamento de Enxeñaría Civil da ETS de Enxeñaría de Camiños Canais e Portos, praza 23/21001*
- *No tocante á materia vencellada á dita praza non é moi apropiado dado que se extingue este mesmo curso académico 2023/24, pero, á praza saíu con ese perfil.*



- *A solicitude da praza foi así aprobada polo respectivo Consello de Departamento por asentimento de todo o persoal membro do mesmo e logo foi aprobado polo Consello de Goberno, non tería sentido voltar atrás un procedemento que xa está a rematar.*

5º) Informe da Secretaria Xeral de 19 de febreiro de 2024, no que transcribe íntegramente os distintos informes recabados e conclúe que:

TERCEIRA.- Antes de entrar no fondo do asunto, compre sinalar que o profesor Delgado Martín carece de lexitimación para recorrer, ao amparo do artigo 19.1.a) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, que esixe ás persoas físicas ostentar un dereito ou interese lexítimo, isto é, que a actuación recorrida, ou no seu caso a súa anulación, sexa susceptible de provocarlle un prexuízo, ou no caso contrario un beneficio, na persoa que interpón o recurso. Este interese é, en calquera caso, distinto de aquel que consiste en exercitar unha pretensión de pura legalidade, a través da acción popular, que é o que parece pretender o recorrente, e que só pode darse nos casos expresamente previstos pola lei (art. 19.1.h), sen que se dea neste caso previsión legal algunha ao respecto.

CUARTA.- Sendo esta circunstancia suficiente para inadmitir o recurso (ao amparo do artigo 116 b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común), dos diversos informes que obran no expediente e que foron transcritos nas consideracións xurídicas precedentes, compre concluir que as afirmacións e valoracións realizadas por don Jorge Delgado Martín non terían entidade invalidante do acordo do Consello de Goberno de 24 de outubro de 2023. Así, dunha banda, o Consello de Departamento adoptou os acordos sobre o tribunal da praza conforme á normativa reguladora vixente; doutra banda, a docencia asignada á praza é materia da Área e o perfil asignado non permite considerar que se teñan vulnerados os principios de igualdade, mérito e capacidade.

QUINTA.- Por último, e respecto da medida cautelar solicitada polo profesor Navarrina Martínez, mais alá de considerar que non ten lexitimación para solicitar a suspensión quen non impugnou o acordo, resultaría en calquera caso improcedente a súa adopción por non xustificar adecuadamente os prexuízos de imposible ou difícil reparación que se causarían de non proceder á suspensión, xustificación imprescindible para que o órgano competente para acordar a suspensión, de proceder, poda realizar a debida ponderación dos intereses en conflito esixida polo artigo 117.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Á vista de todo o anterior, **proponse ao Consello de Goberno**

ACORDAR a inadmisión do recurso de reposición presentado polo profesor Jorge Delgado Martín contra o Acordo do Consello de Goberno de 24 de outubro polo que se aproba a convocatoria da praza.

NOTIFICAR o presente acordo ao profesor Jorge Delgado Martín, facéndolle saber que contra o mesmo cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á notificación da súa notificación.

Na data da sinatura electrónica

A VICERREITORA DE PROFESORADO